



Homilía no inicio do ministerio pastoral como arcebispo de Santiago

Francisco José Prieto Fernández

O pasado 3 de xuño na catedral de Santiago celebrouse a cerimonia de presentación e toma de posesión como novo arcebispo de Santiago de Compostela de Mons. Francisco Xosé Prieto Fernández. Velaquí a súa homilía, que reproducimos na nosa revista a xeito de saúdo de benvinda e felicitación.

Sres. Cardeais, Arcebispos e Bispos:

Sr. Nuncio da súa Santidade

Membros do Cabido Catedralicio, do Colexio de Consultores

Irmáns sacerdotes, diáconos, servidores do altar

Membros da Vida Consagrada, seminaristas, fieis laicos

Autoridades civís (locais, provinciais e autonómicas), militares e académicas

A miña querida familia, queridos amigos

Aos que nos seguides a través dos medios de comunicación

Un saúdo a todos no gozo que nace de ser irmáns e discípulos do Señor Xesús.

O Señor sempre nos precede, El toma a iniciativa: «Irás onde eu te envíe e dirás o que eu che ordene» (Xer 1, 7). E coa man estendida sobre o profeta Xeremías puxo na súa boca palabras proféticas e dispou os seus medos. E así foi cando, cumprido o tempo, deu comezo o Evanxeo de Xesucristo para achegar o Reino de Deus aos camiños da historia e nas mesmas beiras do lago de Galilea foron chamados os primeiros discípulos: «Vide en pos de min e fareivos pescadores de homes» (Mc 1, 17). Deixaron as redes, deixaron a seu pai... e seguírono (cf. Mc 1, 18.20).